

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 16 de xuño de 2023**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día dezaseis de xuño do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D.Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna.María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D.Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia étrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32750.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 9 de xuño de 2023.

2.32751.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES AO ABEIRO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA NO ÁMBITO DO TURISMO DEPORTIVO SOSTIBLE (COMPOÑENTE 26, INVESTIMENTO 2). (Expte.2023021384)

O 21 de xullo de 2020, os dirixentes da UE alcanzaron un acordo sobre un paquete exhaustivo de 1.824.300 millóns de euros que reúne o marco financeiro plurianual e medidas extraordinarias de recuperación no marco do instrumento «Next Generation UE». O paquete contribuirá á reconstrución da UE despois da pandemia de COVID-19 e apoiará o investimento nas transicións ecolóxica e dixital.

Para o ámbito do deporte, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que se financia con fondos Next Generation UE, definiuse o Plan de fomento del sector del deporte en instalacións deportivas, en liña coa compoñente 26, Fomento do sector do deporte, para cuxo desenvolvemento se van a destinar máis de 300 millóns de euros. E, máis concretamente, prevese a activación dunha liña de axudas especificamente destinadas ao fomento do turismo deportivo sostible, dotada con algo máis de 36.185.000,00 millóns de euros cos obxectivos de aumentar o potencial de atracción de turismo nacional e internacional, incrementar



a actividade económica sostible e o emprego, preferentemente, en zonas rurais, de menor densidade de poboación ou que están sendo abandonadas, mellorar infraestruturas e espazos deportivos e proxectos singulares

Neste marco, a Deputación de Pontevedra activou unha convocatoria de subvencións que permita aos concellos interesados dispoñer de financiamento para afrontar os traballos de preparación da documentación necesaria para presentar solicitudes de subvención de proxectos de interese municipal nas próximas convocatorias de subvencións con fondos Next Generation UE para fomentar o turismo deportivo sostible. Por isto, a Xunta de Goberno en data 31/03/2023 en sesión ordinaria adoptou entre outros, o acordo número 3.32498 “aprobación das bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (compoñente 26, investimento 2)” expediente 2023021384.

As anteriores Bases Reguladoras e o seu extracto foron publicadas no BOPPO número 65 de data 3 de abril de 2023, dando un prazo de quince días hábiles, dende o día seguinte ao da súa publicación, para presentar as solicitudes de subvención, sendo o procedemento de concesión o de concorrencia non competitiva.

O obxecto da subvención son os gastos, realizados dende o 1 de febreiro de 2020, derivados das asistencias técnicas que se contraten para preparar a documentación necesaria para a presentación de solicitudes de subvención, así como, no seu caso, a redacción e/ou adaptación dos proxectos de investimento, que se poidan acoller á primeira convocatoria de axudas do Consello Superior de Deporte ao fomento do turismo deportivo sostible financiadas con fondos Next Generation UE, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Compoñente 26, Investimento 2) para o ano 2023, exixíndose acreditar que se presentou á convocatoria.

O financiamento deste programa ascende a un total de douscentos noventa e cinco mil euros (295.000,00€) financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2023, imputables contra a aplicación orzamentaria 2023/942.3410.762.99. No caso de existir crédito sobrante, poderá procederse ao rateo entre todas as solicitudes que cumpran os requisitos ata o tope máximo do orzamento da actuación subvencionable que sinalen na súa solicitude.

O pago destas subvencións queda condicionada á acreditación da válida presentación en prazo da solicitude de subvención no marco da convocatoria de axudas do Consello Superior de Deportes ao fomento do turismo deportivo sostible financiadas con fondos Next Generation UE, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que se abra desde o ano 2023, na que se deberá incluír a memoria descritiva e/ou proxecto resultante obxecto das subvencións desta convocatoria.



O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 26/04/2023 e dos potenciais beneficiarios da convocatoria (59 concellos cunha poboación inferior a 50.000 habitantes) presentaron a solicitude un total de 28 concellos. Segundo o previsto nas bases 10ª e 11ª procedeuse a requirir aos concellos a emenda das súas solicitudes nun prazo de dez días. Os concellos de Poio, e Vilaboa desistiron da solicitude, sendo reflexados na táboa titulada *anexo II*.

Comprobado dende o Servizo de Cooperación que as solicitudes cumpran os requisitos esixidos nas bases reguladoras e achegan a documentación necesaria para fundamentar un acto de concesión co pertinente compromiso de gasto, emítase informe da xefa do Servizo, proposta de concesión de subvención entre as solicitudes consideradas e reflexadas no denominado *anexo I*.

Para proceder á concesión das subvencións, de acordo co previsto na Base reguladora 14ª, é preciso o informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do presente informe-proposta. Posteriormente, elevarase a proposta de resolución definitiva ao órgano competente para a súa aprobación.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do PLAN DE Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (Compoñente 26, Investimento 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático.

## I.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 14ª de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (compoñente 26, investimento 2) relativa á



instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez comprobados os expedientes, e determinados os seus obxectos e importes das axudas, elaborárase unha proposta de resolución para someterse á aprobación do órgano competente, previo informe de fiscalización emitido do Servizo de Intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

#### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor
- Artigo 25 LXS polo que se establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Bases de execución 25ª.2 e 4 do Orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Bases reguladoras 1ª, 2ª, 4ª, 5ª e 6ª de Subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (compoñente 26, investimento 2), nas que se establecen os gastos obxecto da subvención, as entidades beneficiarias, os requisitos a cumprir polas entidades beneficiarias, o financiamento e os criterios de concesión e a contía das subvencións.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local, que dispón que “na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia”.

#### CONCLUSIÓNS

Todas as solicitudes no *anexo I*, relativo as subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (compoñente 26, investimento 2), foron presentadas en prazo, e achegan a documentación precisa para a súa valoración. As finalidades propostas adecúanse ao obxecto descrito na base primeira e exclúense do procedemento as solicitudes relacionadas no *anexo II* por ter presentada a desistencia.



Dado que o importe solicitado é inferior á dotación orzamentaria prevista para o financiamento deste programa, tal e como se indica na base sexta, procédese ao rateo do crédito sobranante entre todas as solicitudes que cumpran os requisitos ata o tope máximo do orzamento da actuación subvencionable que sinalen na súa solicitude.

Así mesmo, os concellos deberán xustificar a axuda concedida de conformidade co establecido na base reguladora décimo sexta e tendo en conta o disposto na base décimo quinta en relación ás obrigas do beneficiario, e especialmente en canto á acreditación da válida presentación en prazo da solicitude de subvención no marco da candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (compoñente 26, investimento 2).

De acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL) e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e visto o informe favorable da xefa do servizo de Cooperación, de data 12/06/2023 (CSV: E3U5CPE3KVTM30O5) e o informe da Intervención provincial, de data 12/06/2023 (CSV: QQ11W5FAU18F91YW), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder subvencións entidades locais da Provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados das asistencias técnicas que se contraten para preparar a documentación necesaria para a presentación de solicitudes de subvención, así como, no seu caso, a redacción e/ou adaptación dos proxectos de investimento, que se poidan acoller á primeira convocatoria de axudas do Consello Superior de Deporte ao fomento do turismo deportivo sostible financiadas con fondos Next Generation UE, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Compoñente 26, Investimento 2) segundo o procedemento de concorrencia non competitiva, aos 26 concellos beneficiarios que figuran no *anexo I* a este acordo, para as finalidades que se relacionan no mesmo, por un importe total de 212.321,61€. No *anexo II* relaciónanse os concellos que desistiron da súa solicitude.
- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 212.321,61€ na aplicación orzamentaria 2023/942.3410.762.99 do vixente orzamento provincial.
- Os beneficiarios deberán ter executadas as actuacións obxecto destas subvencións antes dos prazos establecidos para a presentación de solicitudes de subvención na primeira convocatoria de axudas do Consello Superior de Deportes ao fomento do turismo deportivo sostible financiadas con fondos Next Generation UE, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Compoñente 26, Investimento 2) para o ano 2023 á que se poidan presentar.
- O prazo de xustificación será de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes da primeira convocatoria de axudas do Consello Superior de Deportes ao fomento do turismo deportivo sostible financiadas con fondos Next Generation UE, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Compoñente 26, Investimento 2) para o ano 2023 á que se poidan presentar.



- Para o aboamento da subvención concedida, haberase de presentar a documentación indicada na Base reguladora 16ª, e exixirase a xustificación do 100% do orzamento presentado para recibir a totalidade da subvención, no caso de que se xustifique un gasto inferior abonarase na parte proporcional.
- Procederase ao reintegro e/ou a perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, en conformidade coas Bases reguladoras, nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.
- Darlle traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

| Concello       | Nº Expediente | Actuación   | Orzamento   | Subvención Proposta |
|----------------|---------------|---|-------------|---------------------|
| Agolada        | 2023031555    | Mellora na area recreativa fluvial de brocos e/ou alternativas                              | 8.107,00 €  | 8.107,00 €          |
| Bueu           | 2023031743    | Asistencia técnica para a adaptación do proxecto de investimento e documentación técnica    | 5.953,20 €  | 5.953,20 €          |
| Caldas de Reis | 2023031721    | Redacción proxecto para a mellora na cuberta e/ou pavimentos do pavillón municipal Caldas   | 5.000,00 €  | 5.000,00 €          |
| Cañiza, A      | 2023031558    | Redacción do proxecto da renovación integral do campo de fútbol de Augas Férreas            | 17.787,00 € | 17.787,00 €         |
| Covelo         | 2023031544    | Redacción de proxectos: Parapente faro de Avión. Instalacións deportivas camping Maceira... | 7.260,00 €  | 7.260,00 €          |
| Cuntis         | 2023031560    | Redacción e presentación do proxecto para o fomento de turismo deportivo sostible           | 4.973,10 €  | 4.973,10 €          |
| Forcarei       | 2023031508    | Actuacións preparatorias convocatoria de axudas do consello superior de deportes para 2023  | 5.235,00 €  | 5.235,00 €          |



|                    |            |  |             |             |
|--------------------|------------|--|-------------|-------------|
| Fornelos de Montes | 2023031493 | Gastos derivados da realización do proxecto instalación de nave, campo de regatas para piragüismo e mellora do acceso no encoro de Eiras | 16.940,00 € | 16.940,00 € |
| Gondomar           | 2023031735 | Acondicionamento para mejora de la eficiencia energética del pabellón de Gondomar  | 8.470,00 €  | 8.470,00 €  |
| Guarda, A          | 2023031188 | Melloras no Campo de Fútbol de A Sangriña  | 5.336,79 €  | 5.336,79 €  |
| Lama, A            | 2023031506 | Remodelación vestiarios e mellora da eficiencia enerxética do Pavillón de Deportes Municipal   | 16.940,00 € | 16.940,00 € |
| Marín              | 2023029987 | Redacción Proxecto "Mejora de la eficiencia energética, la accesibilidad y la habitabilidad del pabellón A Cañota"                       | 9.498,50 €  | 9.498,50 €  |
| Meis               | 2023030827 | Acondicionamento das instalacións do Campo de Fútbol Municipal José Betanzos Doval "Pepe"  | 5.000,00 €  | 5.000,00 €  |
| Moaña              | 2023031551 | Mellora da eficiencia enerxética na piscina municipal para o fomento do turismo deportivo  | 4.999,72 €  | 4.999,72 €  |
| Mondariz           | 2023031535 | Memoria descriptiva proxecto mellora e ampliación instalacións deportivas praia do Val   | 16.940,00 € | 16.940,00 € |
| Oia                | 2023031562 | Asistencia para o proxecto "acondicionamento do espazo deportivo campo de fútbol As Tornas"  | 4.997,30 €  | 4.997,30 €  |
| Pazos de Borbén    | 2023031183 | Cambio do pavimento deportivo da pista principal do Pavillón Municipal de Pazos de Borbén  | 3.327,50 €  | 3.327,50 €  |



|                    |            |   |              |              |
|--------------------|------------|---|--------------|--------------|
| Pontecesures       | 2023031731 | Redacción proxecto renovación e mellora das instalacións do campo de fútbol Ramón Diéguez   | 4.961,00 €   | 4.961,00 €   |
| Porriño, O         | 2023031491 | Asistencia técnica convocatoria turismo deportivo: cambio de cuberta Complexo Deportivo Municipal do Porriño  | 5.000,00 €   | 5.000,00 €   |
| Ribadumia          | 2023031557 | Asistencia técnica para a redacción do "proxecto de modernización e mellora enerxética das instalacións deportivas internacionais de Cabanelas"   | 7.623,00 €   | 7.623,00 €   |
| Rosal, O           | 2023031480 | Financiamento de gastos derivados da presentación de candidaturas á 1ª convocatoria de axudas do Consello Superior de Deportes para turismo deportivo sostible para a renovación do Campo de Fútbol da Mata | 8.228,00 €   | 8.228,00 €   |
| Salceda De Caselas | 2023031223 | Asistencia técnica para a presentación dunha solicitude de subvención no marco da convocatoria de axudas do Consello Superior de Deportes ao fomento do turismo deportivo sostible                          | 5.000,00 €   | 5.000,00 €   |
| Salvaterra De Miño | 2023031534 | Contratación de asistencia técnica  | 5.000,00 €   | 5.000,00 €   |
| Silleda            | 2023031542 | Proxecto de execución do Complexo Deportivo de Pádel en O Castro, Silleda   | 16.879,50 €  | 16.879,50 €  |
| Tui                | 2023031424 | Asistencia técnica proxectos PRTR no ámbito turismo deportivo sostible  | 5.000,00 €   | 5.000,00 €   |
| Vilanova de Arousa | 2023031722 | Acondicionamento de pavillón polideportivo municipal  | 7.865,00 €   | 7.865,00 €   |
|                    |            |   | 212.321,61 € | 212.321,61 € |





| Anexo II - Desistencias |               |   |           |                     |
|-------------------------|---------------|---|-----------|---------------------|
| Concello                | Nº Expediente | Actuación   | Orzamento | Subvención Proposta |
| Poio                    | 2023031521    | Redacción de proxectos instalacións deportivas monte Baldío | 0,00 €    | 0,00 €              |
| Vilaboa                 | 2023029126    | Asistencia técnica no ámbito do turismo sostible            | 0,00 €    | 0,00 €              |

3.32752.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, ANO 023. (Expte. 2022076152)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno do 24 de xaneiro de 2023 aproba as bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2023 que van dirixidas ó financiamento de actividades que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023, entre as que se atopan: xornadas, festivais, mostras, encontros, intercambios culturais, etc., e fiscalizadas as correspondentes solicitudes polo Servizo de Intervención e co seu informe favorable sobre existencia de consignación, por un importe total de 250.000,00 €, con cargo á aplicación 23/330.3340.489.05 do Orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a concesión de subvencións a 204 asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2022 e que figuran co CSV: 9FEI5AW921JKX3BE, excluindo deste programa un total de 12 solicitudes por non cumprir coas bases establecidas e que figura co CSV: 9B0QCPAX0NF73K24

4.32753.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A “SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS ESPAZOS PÚBLICOS E A REHABILITACIÓN E SINIALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023”. (Expte.2023004610)

A Deputación de Pontevedra, na Xunta de Goberno do 10 de marzo de 2023, aprobou as bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes polo Servizo de Intervención e co seu informe favorable sobre existencia de consignación, por un importe de 400.000,00 €, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00 do Orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a proposta de concesión de subvencións ás 6 solicitudes que figuran na relación co CSV: U75U3AMWY31PG2XT (liña A) e ás 48 solicitudes que figuran na relación co CSV: VQ4YALRTX01EV94O (liña B), excluindo deste programa as 2 solicitudes que figuran na relación co CSV: 821E26JOLVPUKUYF.



5.32754.- ADXUDICACIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS ÁS ENTIDADES BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “CONNECTADAS” ANO 2023. (Expte. 2022075085)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, convocou unha nova edición do programa Conectadas 2023, co fin potenciar a participación e promoción das mulleres e favorecer as relacións interpersoais en igualdade, impulsando accións formativas e incorporando de maneira transversal os principios de igualdade, corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Este programa ten por finalidade contribuír a mellora da empleabilidade das mulleres e o seu mantemento no mercado de traballo, superar os malestares das mulleres derivados da desigualdade de xénero, e reducir a brecha dixital mediante a utilización da información e as novas tecnoloxías como ferramenta de uso na vida cotiá.

A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o día 27 de xaneiro de 2023 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa Conectadas 2023, posteriormente publicadas no *Boletín oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)* n° 21 de 31 de xaneiro de 2023. Nestas bases figura que as entidades beneficiarias do programa son as asociacións, federacións e fundacións sen ánimo de lucro que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres, que apoien o seu desenvolvemento e actuación, o empoderamento das mulleres, ao igual que o seu tecido asociativo, e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de mulleres e homes.

Resultando que ó abeiro das citadas bases que regulan a convocatoria pública presentáronse un total de 237 solicitudes, sendo valoradas as mesmas polo Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra. Tendo en conta o procedemento de concesión de ditas accións formativas, considéranse favorablemente un total de 219 solicitudes.

Resultando que con data 8 de xuño de 2023 Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme sobre a tramitación do expediente de valoración das solicitudes presentadas para a convocatoria do programa “Conectadas 2023, indicando que con data 28 de abril de 2023, a Xunta de Goberno adxudicou o contrato, por procedemento aberto, para a contratación do servizo para o desenvolvemento, xestión e execución do Programa, á FOROX INNOVACIÓN, S.L. (CIF: B27742014), polo prezo unitario ofertado por obradoiro de 1.464,10 € (IVE incluído).

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa Conectadas para o exercicio 2023, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

A Xunta de Goberno, unha vez valoradas as solicitudes presentadas ó programa “Conectadas 2023”, acorda por unanimidade, adxudicar as accións formativas que figuraban no catálogo deste programa ás seguintes entidades:



## 1. Relación de 219 entidades ás que se lles concede unha acción formativa:

| Nº | Expediente | NIF / CIF | Nome completo   | Concello  |
|----|------------|-----------|---|-----------|
| 1  | 2023009657 | G94116027 | Asociación de Veciños San Brais de Vinseiro             | A Estrada |
| 2  | 2023012533 | G36494011 | Asociación de Mulleres Santo Montillón                  | A Estrada |
| 3  | 2023012701 | G36528842 | Asociación de Mulleres Rurais "Castro Valente"          | A Estrada |
| 4  | 2023013043 | G36212959 | Asociación Rural de Amas de Casa de Arnois              | A Estrada |
| 5  | 2023013053 | G36451912 | Asociación de Mulleres Rurais "A Purísima"              | A Estrada |
| 6  | 2023013140 | G94133782 | Asociación Mulleres Rurais San Xoan de Santeles         | A Estrada |
| 7  | 2023013148 | G36317659 | Asociación de Veciños Santa Apolonia de Guimarei        | A Estrada |
| 8  | 2023013879 | G36586741 | Asociación de Veciños A Firgha de A Somoza              | A Estrada |
| 9  | 2023014124 | G16819922 | Asociación Mulleres que Poden                           | A Estrada |
| 10 | 2023014129 | G01779511 | Asociación Igualdade e Mulleres de A Estrada            | A Estrada |
| 11 | 2023014618 | G94116050 | Asociación de Mulleres Rurais de Ribeira                | A Estrada |
| 12 | 2023014641 | G94015385 | Asociación Mulleres Rurais A Torre da Barreira de Riobo | A Estrada |
| 13 | 2023014758 | G36462273 | Asociación de Mulleres Rurais Os Muiños de Curantes     | A Estrada |
| 14 | 2023015021 | G36463362 | ASOC. EDEM - Mulleres Rurais de Matalobos               | A Estrada |
| 15 | 2023015056 | G36584076 | Asociación de Mulleres Rurais A Sobreira de Callorbe    | A Estrada |
| 16 | 2023015092 | G36207827 | Asociación de Mulleres Rurais de Castro                 | A Estrada |
| 17 | 2023015259 | G36132546 | Asociación de Veciños "San Esteban de Oca"              | A Estrada |



|    |            |            |   |                |
|----|------------|------------|---|----------------|
| 18 | 2023007561 | G94014008  | Asociación Studio 88  | A Guarda       |
| 19 | 2023007620 | G36124279  | Asociación Erguete de Prevención de Condutas Aditivas e de Educación e Promoción da Saúde | A Guarda       |
| 20 | 2023012563 | G67805622  | Asociación Raiceiras - Acción Rural   | A Guarda       |
| 21 | 2023012584 | G36165702  | Asociación de Mulleres Rurais Consumidora e Culturais                                     | A Guarda       |
| 22 | 2023014749 | GG36525293 | Fundación Las Samaritanas A Guarda  | A Guarda       |
| 23 | 2023015168 | G06911556  | Asociación Cultural Rego Bicosan de Camposanco  | A Guarda       |
| 24 | 2023009294 | G36178697  | AAVV San Pedro de la Parroquia de Gaxate  | A Lama         |
| 25 | 2023009302 | G94004462  | Asociación de Vecinos de Xende-Paradela   | A Lama         |
| 26 | 2023010387 | G94047057  | Asociación de Mulleres Rurais A Pícara  | A Lama         |
| 27 | 2023012129 | G36141513  | Asociación de Vecinos Verdededo de los Barrios de Berducido                               | A Lama         |
| 28 | 2023012249 | G94097060  | Asociación de Mulleres de Seixido   | A Lama         |
| 29 | 2023012361 | G36218378  | Asociación de Vecinos San Bartolomé de Xesta de A Lama                                    | A Lama         |
| 30 | 2023014631 | G94127339  | Asociación Veciñal de Pigarzos  | A Lama         |
| 31 | 2023012285 | G36217552  | Asociación Amas de Casa Témporas  | Agolada        |
| 32 | 2023012525 | G36395598  | Asociación de Mulleres Rurais Arbenses  | Arbo           |
| 33 | 2023012598 | G94202470  | Asociación Veciñal Deportiva Cultural e Xuvenil Arcángel San Miguel                       | Arbo           |
| 34 | 2023013055 | G36888030  | Asociación de Viudas de Baiona Mercedes de la Escalera                                    | Baiona         |
| 35 | 2023014596 | G36899995  | Asociación de Amas de Casa de Baiona  | Baiona         |
| 36 | 2023015065 | G36950749  | Asociación Centro Cultural e Social De Bahiña   | Baiona         |
| 37 | 2023012544 | G94081809  | Asociación Musical Cultura Tirante  | Barro          |
| 38 | 2023012786 | G94155298  | Asociación Cultural Colectivo Espazo 16   | Barro          |
| 39 | 2023011794 | G36212645  | Asociación de Mulleres Rurais "Mar E Agro"  | Bueu           |
| 40 | 2023012368 | G28197564  | Asociación Española Contra el Cáncer - BUEU   | Bueu           |
| 41 | 2023009219 | G36455178  | Asociación Xubilados e Pensionistas Caldenses   | Caldas de Reis |
| 42 | 2023011799 | G36511871  | Saiar Pola Igualdade  | Caldas de Reis |



|    |            |           |  |                    |
|----|------------|-----------|--|--------------------|
| 43 | 2023015175 | G36547479 | Asociación de Mulleres Rurais Santa Lucía de Arcos da Condesa                | Caldas de Reis     |
| 44 | 2023010453 | G94061207 | Asociación de Veciños O Batuqueiro   | Cambados           |
| 45 | 2023011250 | G36207918 | Asociación de Mulleres Rurais A Seca de Corbillón                            | Cambados           |
| 46 | 2023013123 | G94104767 | Asociación de Mulleres Rurais de Castrelos - As Saiñas                       | Cambados           |
| 47 | 2023009310 | G94001666 | Asociación Veciñal de Fragas   | Campo Lameiro      |
| 48 | 2023011285 | G36327062 | Asociación de Mulleres Rurais A Chanciña                                     | Campo Lameiro      |
| 49 | 2023011291 | G36380301 | Asociación Diagnosticados de Cancro De Mama                                  | Cangas             |
| 50 | 2023012822 | G36263721 | Asociación de Veciños de Gandón  | Cangas             |
| 51 | 2023013042 | B36348662 | Asociación de Mulleres Escola Vella do Hio                                   | Cangas             |
| 52 | 2023013142 | G36547453 | Asociación Mulleres Progresistas de Darbo                                    | Cangas             |
| 53 | 2023015263 | G36408714 | Asociación Cultural O Gato   | Cangas             |
| 54 | 2023013001 | G72806359 | Asociación Feminista de Catoira  | Catoira            |
| 55 | 2023009321 | G36354199 | Asociación Socio Cultural Deportiva de Veciños e Amigos de Santiago de Caroi | Cerdedo-Cotobade   |
| 56 | 2023009371 | G10948347 | Asociación Veciñal e Cultural San Martiño de Rebordelo                       | Cerdedo-Cotobade   |
| 57 | 2023009694 | G36305852 | Asociación de Veciños de San Gregorio de Corredoira                          | Cerdedo-Cotobade   |
| 58 | 2023013045 | G36584191 | Asociación de Mulleres Creativas de Quireza                                  | Cerdedo-Cotobade   |
| 59 | 2023011803 | G36515492 | Asociación Cultural Virxe da Luz de Casteláns                                | Covelo             |
| 60 | 2023014739 | R3600113I | Colegio Ntra Sra de Fátima en Crecente (Esclavas de La Virgen Dolorosa)      | Crecente           |
| 61 | 2023015033 | G36217529 | Asociación Mulleres Rurais Pena de Francia                                   | Dozón              |
| 62 | 2023010404 | G36212710 | Asociación de Mujeres Rurales Consumidoras e Culturais A Xuntanza            | Fornelos de Montes |
| 63 | 2023010749 | G36764322 | Asociación de Mulleres Rurais San Benito de Gondomar                         | Gondomar           |
| 64 | 2023012810 | G36735736 | Asociación Veciños Parroquia San Martiño Borreiros                           | Gondomar           |
| 65 | 2023014148 | G27835594 | Asociación Veciñal Ponte de Mañufe   | Gondomar           |
| 66 | 2023015260 | G36979854 | Asociación Cultural San Vicente Mañufe                                       | Gondomar           |
| 67 | 2023013914 | G36226116 | Asociación de Mulleres Rurais San Vicente de Paul                            | Illa de Arousa     |



|    |            |           |  |                |
|----|------------|-----------|--|----------------|
| 68 | 2023014134 | G36031292 | Asociación Cultural Dorna                                    | Illa de Arousa |
| 69 | 2023007874 | G36585925 | Asociación Mulleres en Igualdade de Cercio                   | Lalín          |
| 70 | 2023009303 | G94179652 | Asociación Mulleres de Filgueira                             | Lalín          |
| 71 | 2023009338 | G36052843 | Asociación de Familias e Mulleres Rurais Deza                | Lalín          |
| 72 | 2023009402 | G36586204 | Asociación Mulleres en Igualdade de Santiso                  | Lalín          |
| 73 | 2023009612 | G94114691 | Asociación Mulleres en Igualdade de Moneixas                 | Lalín          |
| 74 | 2023009651 | G94095890 | Asociación de Veciños de Moneixas                            | Lalín          |
| 75 | 2023012542 | G94122702 | Medrar 2.0   | Lalín          |
| 76 | 2023012572 | G36586303 | Asociación Mulleres en Igualdade de Prado                    | Lalín          |
| 77 | 2023012803 | G36309151 | Asociación de Veciños Bolarqueiros de Noceda                 | Lalín          |
| 78 | 2023013034 | G94159035 | Asociación de Veciños de Catasós                             | Lalín          |
| 79 | 2023013252 | G94050291 | Asociación Mulleres en Igualdade de Busto                    | Lalín          |
| 80 | 2023013904 | G36369494 | Asociación ASPADEZA  | Lalín          |
| 81 | 2023014142 | G94014024 | Asociación Mulleres en Igualdade de Donramiro                | Lalín          |
| 82 | 2023014623 | G94128139 | Asociación Mulleres en Igualdade de Donsión                  | Lalín          |
| 83 | 2023015157 | G94139839 | Asociación Mulleres de Soutolongo                            | Lalín          |
| 84 | 2023006908 | G94122884 | Asociación de Mulleres Intercambio do Saber                  | Marín          |
| 85 | 2023007576 | G36547818 | Asociación de Mulleres O Abeiro de Marín                     | Marín          |
| 86 | 2023012328 | G28197564 | Asociación Española Contra El Cáncer - Marín                 | Marín          |
| 87 | 2023008057 | G36264828 | Asociación Mulleres Rurais e Consumidoras A Telleira de Dena | Meaño          |
| 88 | 2023013030 | G36167187 | Asociación de Mujeres Rurales Nogueira Meis                  | Meis           |
| 89 | 2023014646 | G36355345 | Asociación Mulleres Rurais Os Pazos                          | Meis           |
| 90 | 2023009306 | G36368488 | Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer do Morrazo | Moaña          |
| 91 | 2023009733 | G36181519 | Asociación de Mulleres de Moaña                              | Moaña          |
| 92 | 2023011295 | G36380301 | Asociación Diagnosticados de Cancro De Mama                  | Moaña          |
| 93 | 2023010503 | G36169860 | Asociación de Veciño Xabriña de Mondariz                     | Mondariz       |
| 94 | 2023007637 | G36583110 | Asociación Cultural Chorima                                  | Moraña         |



|     |            |           |   |                 |
|-----|------------|-----------|---|-----------------|
| 95  | 2023007863 | G36425841 | Asociación de Veciños Desenvolvemento Rural de Alberguería            | Moraña          |
| 96  | 2023010431 | G36178051 | Asociación de Mulleres Rurales O Menhir                               | Moraña          |
| 97  | 2023011745 | G36523223 | Asociación de Veciños de Corrigatos                                   | Moraña          |
| 98  | 2023007628 | G36028827 | Asociación do Centro Recreativo e Cultural de Torroso                 | Mos             |
| 99  | 2023007815 | G36417251 | Fundación Pazo de Mos   | Mos             |
| 100 | 2023009316 | G36254712 | Asociación de Mulleres Rurais Val da Louriña                          | Mos             |
| 101 | 2023011806 | G36107332 | Asociación de Vecinos Nosa Terra de La Parroquia                      | Mos             |
| 102 | 2023012299 | G28197564 | Asociación Española Contra El Cáncer - MOS                            | Mos             |
| 103 | 2023013132 | G36469021 | Asociación de Vecinos San Mamed De Torroso                            | Mos             |
| 104 | 2023015146 | G36101988 | Asociación de Veciños Chan do Bosque-Amieirolongo                     | Mos             |
| 105 | 2023015164 | G36039287 | Centro Cultural y Social de Herville Mos                              | Mos             |
| 106 | 2023015224 | R3600131A | Casa Sta María de La Esperanza Esclavas Virgen Dolorosa               | Mos             |
| 107 | 2023010751 | G36102663 | Asociación Recreativa e Cultural de Guizan                            | Pontevedra      |
| 108 | 2023011246 | G36995389 | Asociación Centro Cultural Recreativo Parada do Miñor                 | Nigrán          |
| 109 | 2023012364 | G28197564 | Asociación Española Contra El Cáncer - O Grove                        | O Grove         |
| 110 | 2023015173 | G36224947 | Asociación de Mulleres Rurais A Lagoa de San Vicente Do Grove         | O Grove         |
| 111 | 2023009325 | G36461788 | Asociación Socio Cultural Personas Maiores do Rosal                   | O Rosal         |
| 112 | 2023012293 | G36027928 | Asociación Agrupación Musical do Rosal                                | O Rosal         |
| 113 | 2023014648 | G94024205 | Asociación Mulleres en Igualdade do Rosal                             | O Rosal         |
| 114 | 2023007538 | G36145290 | Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva Santa Eugenia de Mougas | Oia             |
| 115 | 2023007809 | G94167103 | Asociación Mulleres Rurais de Oia                                     | Oia             |
| 116 | 2023015237 | G36103927 | Asociación Veciñal Santa María de Pazos                               | Pazos de Borbén |
| 117 | 2023009701 | G36221448 | AAVV Cultural e Deportiva de Lourido                                  | Poio            |
| 118 | 2023010391 | G94080942 | Asociación Cultural Mulleres do Mar de Poio                           | Poio            |
| 119 | 2023007975 | G94190006 | Asociación de Mulleres Rurais de Taboadelo                            | Ponte Caldelas  |



|     |            |           |   |                |
|-----|------------|-----------|---|----------------|
| 120 | 2023009704 | G94088184 | Asociación Mujeres Rurales Aires del Norte y Olé                            | Ponte Caldelas |
| 121 | 2023009708 | G94176575 | Asociación Cultural e Artística Os Contentos                                | Ponte Caldelas |
| 122 | 2023014785 | G94099389 | Asociación Cultural Laxe das Cruces de Tourón                               | Ponte Caldelas |
| 123 | 2023006606 | G94114279 | Asociación Cultural Centro Cultural de Cillarga                             | Ponteareas     |
| 124 | 2023006609 | J36523702 | Asociación Cultural Irmáns Barcia   | Ponteareas     |
| 125 | 2023006610 | G36353795 | Asociación Cultural San Salvador  | Ponteareas     |
| 126 | 2023007549 | G36376374 | Asociación Veciñal San Vicente e Canedo                                     | Ponteareas     |
| 127 | 2023007796 | G36596708 | Centro Cultural e Recreativo de San Mateo de Oliveira                       | Ponteareas     |
| 128 | 2023008220 | G36322881 | Asociación de Veciños de Angoares   | Ponteareas     |
| 129 | 2023009191 | G36453728 | Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas do Condado e Paradanta | Ponteareas     |
| 130 | 2023009682 | G36341113 | Asociación de Maiores de Ponteareas   | Ponteareas     |
| 131 | 2023014765 | G36033371 | Casa Cultural Artística y Deportiva de Areas Punteareas                     | Ponteareas     |
| 132 | 2023007642 | G94133865 | Asociación Cultural Reiriz 2016 A Queimada                                  | Pontevedra     |
| 133 | 2023007877 | G94093044 | Asociación Mulleres Rurais "Os Muíños de Marcón"                            | Pontevedra     |
| 134 | 2023008152 | G36164887 | Down Pontevedra Xuntos. Asociación Síndrome de Down                         | Pontevedra     |
| 135 | 2023009211 | G36208155 | Asociación de Mulleres Rurais Chan dos Casteliños                           | Pontevedra     |
| 136 | 2023009378 | G72455249 | Asociación Veciñal e Cultural de Cacheiro                                   | Pontevedra     |
| 137 | 2023010401 | G36709004 | Asociación Veciñal Doutor Fleming   | Pontevedra     |
| 138 | 2023010418 | G94113768 | Asociación Cultural Sondexeve   | Pontevedra     |
| 139 | 2023011300 | G36380301 | Asociación Diagnosticados de Cancro de Mama                                 | Pontevedra     |
| 140 | 2023012301 | G28197564 | Asociación Española contra el Cáncer - Pontevedra                           | Pontevedra     |
| 141 | 2023012854 | G36191245 | Asociación de Vecinos Salcedo-Norte   | Pontevedra     |
| 142 | 2023013245 | G36289130 | Asociación Agrupación Cultural Deportiva Chan do Monte de San Vicente       | Pontevedra     |
| 143 | 2023014152 | G94103777 | Asociación Rural Mulleres Estribela - Lourizán                              | Pontevedra     |
| 144 | 2023007604 | G36028058 | Asociación Cultural Candelas  | Portas         |





|     |            |           |  |                    |
|-----|------------|-----------|--|--------------------|
| 145 | 2023014113 | G36236669 | Asociación Mulleres Rurais Azucareira                              | Portas             |
| 146 | 2023007647 | G36477628 | AAVV O Eixo de Soutoxuste  | Redondela          |
| 147 | 2023009318 | G36015741 | Círculo Cultural Recreativo de Cesantes                            | Redondela          |
| 148 | 2023009687 | G36154813 | Asociación Veciños Barrio de Saramagoso                            | Redondela          |
| 149 | 2023010425 | G36048262 | Sociedade Cultural do Viso   | Redondela          |
| 150 | 2023010746 | G36146108 | Asociación Centro Social Cultural e Recreativo de Cedeira          | Redondela          |
| 151 | 2023011741 | G36395325 | Asociación Cultural Deportiva Cidadelle                            | Redondela          |
| 152 | 2023011786 | G94089620 | Asociación de Enfermos de Artrite Pontevedra                       | Redondela          |
| 153 | 2023012305 | G28197564 | Asociación Española contra el Cáncer - Redondela                   | Redondela          |
| 154 | 2023012260 | G36780658 | Asociación de Mulleres Rurais Sementeira                           | Redondela          |
| 155 | 2023013036 | G36152924 | Asociación de Mulleres Rurais "Virxen do Faro"                     | Rodeiro            |
| 156 | 2023009244 | G36206357 | Asociación de Mulleres Rurais Caselas                              | Salceda de Caselas |
| 157 | 2023009382 | G36179851 | Asociación de Jubilados y Pensionistas de Salceda                  | Salceda de Caselas |
| 158 | 2023011808 | G94151081 | Asociación de Veciñas e Veciños Ameixoa                            | Salceda de Caselas |
| 159 | 2023012708 | G36059368 | Asociación de Veciños Caselas                                      | Salceda de Caselas |
| 160 | 2023012720 | G94114873 | Asociación Cultural Deportiva Saliceta                             | Salceda de Caselas |
| 161 | 2023012795 | G36016640 | Centro Cultural La Feria   | Salceda de Caselas |
| 162 | 2023012799 | G36269280 | Asociación Agrupación Cultural Xunco                               | Salceda de Caselas |
| 163 | 2023014612 | G36101905 | Asociación de Veciños de Cabreira-Xermen-Salva                     | Salvaterra de Miño |
| 164 | 2023013126 | G36148534 | Asociación Vecinos San Juan de Dorrón                              | Sanxenxo           |
| 165 | 2023006611 | G94092764 | Asociación Veciñal-Cultural Cortegada                              | Silleda            |
| 166 | 2023010490 | G36188977 | Asociación de Veciños San Miguel de Lamela                         | Silleda            |
| 167 | 2023014745 | G36421089 | Asociación de Mulleres Rurais de Dornelas                          | Silleda            |
| 168 | 2023014746 | G36568137 | Asociación de Mulleres Rurais "Santa Isabel"                       | Silleda            |
| 169 | 2023007589 | G94171782 | Comité para a Xestión de Proxectos europeos do Concello de Silleda | Silleda            |
| 170 | 2023008192 | G36302867 | Asociación de Mulleres Rurais Anduriña de Arcade                   | Soutomaior         |



|     |            |           |  |            |
|-----|------------|-----------|--|------------|
| 171 | 2023009392 | G36214302 | Asociación de Veciños San Benito de Romariz                                      | Soutomaior |
| 172 | 2023010737 | G36597334 | Asociación de Veciños de Alxán   | Soutomaior |
| 173 | 2023014770 | G94144128 | Asociación Cultural Moreira A Tope   | Soutomaior |
| 174 | 2023014788 | G36306736 | Asociación Veciñal e Cultural de Moreira   | Soutomaior |
| 175 | 2023015096 | G94120037 | Asociación cultural e veciñal Pozo Vello   | Soutomaior |
| 176 | 2023011809 | G36535318 | Asociación de Veciños Cultural Recreativa e Deportiva de San Salvador de Sobrada | Tomíño     |
| 177 | 2023011311 | G36466233 | Asociación de Amas de Casa de Tui  | Tui        |
| 178 | 2023009225 | G36331114 | Asociación de Persoas con Discapacidade dos Vales Ulla-Umia                      | Valga      |
| 179 | 2023011748 | G36187524 | Asociación Mulleres Rurais Consumidoras e Culturales "Albor" de Valga            | Valga      |
| 180 | 2023007853 | G36837433 | Asociación Mulleres Pedra da Vella   | Vigo       |
| 181 | 2023007860 | G36805158 | Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares                               | Vigo       |
| 182 | 2023008163 | G36648608 | Asociación Veciñal de Consumidores Usuarios e Cultural Emilio Crespo de Navia    | Vigo       |
| 183 | 2023008194 | G36964757 | Asociación de Mujeres Viudas Demócratas Europea de Vigo                          | Vigo       |
| 184 | 2023008199 | G36623593 | Asociación de Vecinos Monte da Mina de Castrelos                                 | Vigo       |
| 185 | 2023009250 | G36659894 | Asociación de Vecinos San Roque  | Vigo       |
| 186 | 2023009314 | G36688992 | Asociación Mujeres Cabral Rosalía de Castro                                      | Vigo       |
| 187 | 2023009344 | G36821817 | Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo                                     | Vigo       |
| 188 | 2023009359 | G36632081 | Asociación de Veciños de Beade AVCU-CSCR   | Vigo       |
| 189 | 2023009679 | G36654036 | Asociación de Vecinos de San Pedro de Matamá La Unión                            | Vigo       |
| 190 | 2023010464 | G36624120 | APAMP, Asociación de Familiares de Persoas con Parálise                          | Vigo       |
| 191 | 2023011305 | G36380301 | Asociación Diagnosticados de Cancro de Mama                                      | Vigo       |
| 192 | 2023011774 | G27746486 | Asociación Xaruma  | Vigo       |
| 193 | 2023012134 | G27874684 | Asociación Galega Tecendo Sonhos   | Vigo       |
| 194 | 2023012145 | G36651073 | Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral                                | Vigo       |



|     |            |           |   |                      |
|-----|------------|-----------|---|----------------------|
| 195 | 2023012269 | G15545353 | Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia   | Vigo                 |
| 196 | 2023012277 | G36704195 | Federación COGAMI Pontevedra  | Vigo                 |
| 197 | 2023012309 | G28197564 | Asociación Española contra el Cáncer - VIGO                             | Vigo                 |
| 198 | 2023012357 | G27712306 | Asociación de Mulleres en Igualdade de Vigo                             | Vigo                 |
| 199 | 2023012728 | G36619468 | Asociación de Mujeres Dorna de la Parroquia del Cristo de la Victoria   | Vigo                 |
| 200 | 2023012737 | G36842284 | Asociación Veciños Praza da Miñoa                                       | Vigo                 |
| 201 | 2023013006 | G36640985 | Asociación de Veciños As Nosas Rúas de Vigo                             | Vigo                 |
| 202 | 2023013128 | G36654184 | Asociación Veciñal socio cultural e deportiva O Freixo                  | Vigo                 |
| 203 | 2023013242 | G36928646 | Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo     | Vigo                 |
| 204 | 2023013254 | G27847672 | Bicos de Papel - Asociación Nenos Oncolóxicos Hospital Álvaro Cunqueiro | Vigo                 |
| 205 | 2023015210 | G27753367 | Fundación FORMAVIGO   | Vigo                 |
| 206 | 2023015247 | G27739861 | Asociación cultural Traspés   | Vigo                 |
| 207 | 2023015261 | G36633428 | Asociación Sociedade Cultural Deportiva e Recreativa Helios             | Vigo                 |
| 208 | 2023015262 | G27771195 | Asociación Veciñal Novo Vigo  | Vigo                 |
| 209 | 2023010758 | G36525913 | Asociación de Mulleres Rurais de Tuiriz                                 | Vila de Cruces       |
| 210 | 2023014795 | G36470458 | Asociación de Mulleres Rurais de Sabrexo                                | Vila de Cruces       |
| 211 | 2023011795 | G36362994 | Asociación de Veciños de Santa Cristina de Cobres                       | Vilaboa              |
| 212 | 2023011754 | G36228054 | Asociación Mulleres Rurais Os Borrizos de Cornazo                       | Vilagarcía de Arousa |
| 213 | 2023011789 | G36135754 | Asociación de Vecinos Agustín Romero                                    | Vilagarcía de Arousa |
| 214 | 2023014603 | G36214062 | Asociación de Mulleres Rurais Avelaiña                                  | Vilagarcía de Arousa |
| 215 | 2023015198 | G36530350 | AA MM RR Fontecarmoa  | Vilagarcía de Arousa |
| 216 | 2023012370 | G36358174 | Asociación Cultural Xeada   | Vilagarcía de Arousa |
| 217 | 2023011779 | G42925594 | Asociación de Mulleres Feminas en acción                                | Vilanova de Arousa   |
| 218 | 2023012818 | G36377448 | Asociación de Mulleres Rurais As Aceñas                                 | Vilanova de Arousa   |
| 219 | 2023015152 | G36333292 | Asociación de Mulleres Rurais O Mouriño de Corón                        | Vilanova de Arousa   |



2. Relación de un total de 18 solicitudes desestimadas:

| Nº | Expediente | NIF / CIF | Nome completo  | Concello           | Motivo exclusión  |
|----|------------|-----------|--|--------------------|---|
| 1  | 2023015232 | R3600113I | Colegio Ntra Sra de Fátima en Crecente (Esclavas de la Virgen Dolorosa)          | Crecente           | Solicitud Duplicada                                     |
| 2  | 2023008224 | G36322881 | Asociación de Veciños de Angoares  | Ponteareas         | Solicitud Duplicada                                     |
| 3  | 2023007652 | G94093044 | Asociación Mulleres Rurais "Os Muíños de Marcón"                                 | Pontevedra         | Solicitud Duplicada                                     |
| 4  | 2023007879 | G94093044 | Asociación Mulleres Rurais "Os Muíños de Marcón"                                 | Pontevedra         | Solicitud Duplicada                                     |
| 5  | 2023010541 | G72455249 | Asociación Veciñal e Cultural de Cacheiro  | Pontevedra         | Solicitud Duplicada                                     |
| 6  | 2023012314 | G28197564 | Asociación Española contra el Cáncer - Redondela                                 | Redondela          | Solicitud Duplicada                                     |
| 7  | 2023011810 | G36535318 | Asociación de Veciños Cultural Recreativa e Deportiva de San Salvador de Sobrada | Tomiño             | Solicitud Duplicada                                     |
| 8  | 2023012594 | G36228500 | Asociación Mulleres Rurais e Culturais San Andrés de Veá                         | A Estrada          | Contesta requirimento fora de prazo                     |
| 9  | 2023011753 | G36768984 | Asociación de Veciños Castro e Ladeira   | Baiona             | Non contesta ao requirimento                            |
| 10 | 2023014140 | G36251866 | Asociación de Veciños San Amaro Menduiña   | Cangas             | Non contesta ao requirimento                            |
| 11 | 2023010512 | G36461648 | Asociación Amas de Casa Muíños do Vento  | Catoira            | Contesta requirimento fóra de prazo                     |
| 12 | 2023009698 | G36018042 | Círculo Cultural Abrente   | Mos                | Contesta requirimento fora de prazo                     |
| 13 | 2023007572 | G36649374 | Asociación de Veciños Nosa Terra de Alcabre                                      | Vigo               | Penalizada por non realizar modulo de igualdade en 2022 |
| 14 | 2023013895 | G36454163 | Asociación de Mulleres Rurais de Loño  | Vila de Cruces     | Contesta requirimento fóra de prazo                     |
| 15 | 2023015080 | G36379188 | Asociación de Mulleres Rurais Citania  | Vilanova de Arousa | Contesta requirimento fóra de prazo                     |
| 16 | 2023015042 | G27821222 | Asociación Folclórica Ardelume de Baiña  | Baiona             | Non cumpre requisitos                                   |
| 17 | 2023009234 | G36153344 | Asociación Banda de Música Popular de Tui  | Tui                | Non cumpre requisitos                                   |
| 18 | 2023014608 | G36044295 | Asociación Doa Saude Mental  | Vigo               | Non cumpre requisitos                                   |



6.32755.- ADXUDICACIÓN DE RUTAS E PRAZAS DO PROGRAMA “EN RUTA COA DEPO 2023”. (Expte. 2022063049)

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, ten entre os seus fins promover a xestión de políticas públicas para a cohesión social, con especial énfase en persoas con discapacidade, persoas maiores e a mocidade.

Nesta liña, o programa “En ruta coa Depo” configúrase como unha acción encamiñada a fomentar a participación, a convivencia e a cohesión social dos distintos colectivos sociais da provincia de Pontevedra ao impulsar a igualdade de oportunidades para os colectivos con discapacidade, ofrecerlle alternativas de ocio e tempo de lecer á poboación xuvenil da nosa provincia e promover rutas destinadas ás entidades de nais e pais que fomenten a convivencia e o intercambio de experiencias nas que participen activamente nenas e nenos.

“En ruta coa Depo”, programa cun grande arraigo na provincia desde hai máis de dez anos, promove cada ano que preto de 20.000 persoas participen en rutas turísticas de lugares emblemáticos de Pontevedra; así, a través de asociacións sen ánimo de lucro da provincia, promócióname e dáse a coñecer o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.

Trátase, polo tanto, dun programa cun claro obxectivo social que inclúe rutas específicas adaptadas a persoas con mobilidade reducida, a familias e á mocidade. Así mesmo, resérvanse prazas gratuítas para persoas en situación de risco ou exclusión social.

2º.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos marcados nesta lei. Así mesmo, no artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Segundo o artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Así mesmo, no artigo 109. d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria que tivo lugar o día 9 de decembro de 2022 acordou, entre outros asuntos, á aprobación das Bases Reguladoras do programa “En Ruta coa Depo” para o ano 2023. As Bases reguladoras foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 25, do 6 de febreiro de 2023.



De conformidade có establecido na Base Cuarta e Quinta, “(...)Poderán participar neste programa todas as sen ánimo de lucro que teñan o seu domicilio fiscal, sede ou establecemento aberto na provincia de Pontevedra, pero non as entidades de iniciativa pública. Así mesmo, non serán beneficiarias aquelas entidades incursas nalgún dos supostos previstos no artigo 13 da LXS. (...)”

Só se concederá unha ruta por entidade e NIF. O número máximo de participantes será de 54 persoas (a capacidade dun autobús), Para os colectivos de persoas con mobilidade reducida que precisen de cadeiras de rodas ou doutras axudas técnicas, as prazas por autobús serán, con carácter xeral, 34.

4º.- A Base Oitava establece que “(...)para tramitar este procedemento consultaránse automáticamente os datos incluídos nos seguintes documentos:

- NIF da entidade solicitante
- NIF da persoa representante da entidade solicitante
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e aportar os documentos correspondentes. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes(...)”.

5º.- A Base Sexta establece que as entidades deberán achegar o “(...) certificado acreditativo do cargo da persoa representante da entidade (...)” e a “(...) relación de persoas solicitantes de prazas gratuítas (anexo III), de ser o caso (...)”.

6º.- Ofértanse 33 rutas e un total de 20.000 prazas, que segundo se establece na Base Novena que “se outorgarán segundo esta orde de prelación:

- 1) Entidades inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) na categoría de iniciativa social nas áreas de discapacidade, familia, infancia e menores.
- 2) Entidades inscritas no RUEPSS na categoría de iniciativa social nas áreas restantes
- 3) Outras entidades sen ánimo de lucro

A prelación dentro de cada grupo de entidades será por orde de rexistro de entrada das solicitudes.

7º.- Consonte a Base Segunda a “contía consignada para este programe é de catrocentos setenta e nove mil catrocentos cincuenta (479.450,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, para un total de 20.000 prazas (...)”; o programa será cofinanciado pola Deputación do seguinte xeito:

- As persoas beneficiarias do programa aboarán a cantidade de 13,50 € por praza concedida, coa excepción das prazas de asignación gratuíta, que serán financiadas integramente pola Deputación
- O importe das prazas para participantes menores de 12 anos poderá ser inferior en función da oferta presentada pola adxudicataria do programa.
- Reservaranse un total de 300 prazas gratuítas para persoas que carezan de recursos económicos suficientes ou que se atopen en risco de exclusión, segundo o previsto na base sexta, e a Deputación asumirá a totalidade do seu custo.



Respecto da gratuidade de prazas, para poder beneficiarse destas prazas, a entidade deberá acompañar coa solicitude unha relación de persoas que participarán na saída (anexo III) e indicar o número das que, por carecer de recursos económicos suficientes, non podan facerse cargo da aportación de 13.50 € que lles corresponde (o u unha cantidade inferior, no caso de menores de 12 anos se a empresa adxudicataria ofertase un prezo máis baixo), e xustificar que estas persoas se encontran nas seguintes circunstancias:

- Estar en situación ou risco de exclusión social.
- Contar con escasos recursos económicos e presentar un informe social onde se indique a idoneidade do programa para a persoa solicitante.

Esta xustificación realizarase, una vez adxudicada a ruta, mediante un informe dunha traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios municipais (anexo IV) ou da propia entidade solicitante (anexo V).

No caso de que existan máis solicitudes que prazas, terase en conta a orde de presentación da solicitude de cada entidade. Este informe presentarase, dirixido ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, conforme á base sexta, no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación de adxudicación das rutas e prazas gratuítas que lle corresponden a cada entidade.

8º.- Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e de subsanación das mesmas, de acordo coas bases reguladoras deste programa, o resultado é o seguinte:

- Constan no expediente un total de 430 solicitudes presentadas, das cales:
  - o 408 cumpren os requisitos establecidos na convocatoria
  - o 22 resultan excluídas, das cales:
    - 14 solicitudes por non enmendar en prazo.
    - 1 por renuncia.
    - 1 por non ser beneficiaria do programa.
    - 1 por non presentar modelo normalizado.
    - 2 duplicadas.
    - 3 por ser persoas físicas, unha delas tamén duplicada
    -

Unha vez aplicada a orde de prelación establecida na base novena da convocatoria, relativa a “*criterios de valoración*”, o resultado é o seguinte:

As 408 solicitudes aceptadas supoñen un total de 21.812 prazas das cales 469 solicítanse como gratuítas.

Unha vez aplicados os criterios de prelación, adxudícase Ruta a 374 entidades que totalizan 19.976 prazas, das cales 405 son gratuítas. Como o máximo de prazas gratuítas que se ofertan no programa son 300, seguindo os criterios de prelación previstos na convocatoria, adxudícanse 270 prazas gratuítas, quedando 135 prazas en lista de espera.

Así mesmo, 34 entidades quedan en lista de espera (1.836 prazas e 64 gratuítas).



Unha vez notificado o Acordo de adxudicación a cada unha das entidades beneficiarias, estas deberán achegar no modelo Anexo V as valoracións sociais das persoas en risco de exclusión social que participarán nas saídas.

Coa relación definitiva o número de prazas gratuítas podería variar, manténdose en todo caso o máximo de 300 prazas financiadas por esta Institución.

9º. Por Acordo da Xunta de Goberno número 21.32399 de data 10 de marzo de 2023, adxudicouse o procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de Xestión, desenvolvemento e execución do programa “*En ruta cos depo*” 2023. Expte 2022062867, á empresa “*Halcon Viajes S.A.*”, sendo o prezo unitario ofertado por praza o seguinte:

- Importe sen IVE: 26,03 €
- IVE: 5,47 €
- Importe total ofertado: 31,50 €

Así mesmo, ofertan a gratuidade de prazas para nenas e nenos menores de 12 anos. No obstante, aínda que algunha entidade indica na súa solicitude o número de nenas ou nenos menores de 12 anos, o dato é unha previsión inicial, que xeralmente varía moito unha vez se desenrole o programa, polo que para o cálculo do importe a financiar por esta Institución non se terán en conta, e computarán como prazas ordinarias.

10º. Consonte ao anterior e ao abeiro do establecido nas Bases Reguladoras do programa, procede á adxudicación de rutas a 374 entidades o que suporá un total de 19.976 prazas ordinarias e ata un máximo de 300 prazas gratuítas, das que a Deputación de Pontevedra financiará os seguintes importes:

| PREZO UD. GRATUITAS  | N.º PRAZAS | CUSTO USUARIO | FINANCIACION DEPUTACIÓN | SUBTOTAL     |
|----------------------|------------|---------------|-------------------------|--------------|
| 31,50 €              | Máx. 300   | 0,00 €        | 31,50 €                 | 9.450,00 €   |
| PREZO UD. ORDINARIAS | N.º PRAZAS | CUSTO USUARIO | FINANCIACION DEPUTACIÓN | SUBTOTAL     |
| 31,50 €              | 19.676     | 13,50 €       | 18,00 €                 | 354.168,00 € |
| TOTAL GLOBAL         |            |               |                         | 363.618,00 € |

11º. Con data 12 de xuño de 2023, Intervención emite informe favorable ao expediente de adxudicación de 19.976 prazas a 408 entidades por un importe de 363.618,00 €

#### NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.





- Bases de execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2023.
- Bases do programa En Ruta coa Depo 2023.

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro - Aprobar a adxudicación de 19.976 prazas a 374 entidades da provincia de Pontevedra, das cales ata un máximo de 300 serán gratuítas, no marco do programa En ruta coa Depo 2023, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras.

Segundo.- Aprobar a relación de entidades excluídas, entidades en lista de espera, e adxudicación de prazas gratuítas.

Achéganse có presente informe os seguintes documentos que obran asinados no expediente cós seguintes CSV:

- Anexo I : Listado das entidades solicitantes aceptadas CSV: N5UJ5KKH3UJBG5N3
- Anexo II: Listado de entidades excluídas CSV: NNJV9KACATWYWLCI
- Anexo III: Listado das entidades con ruta asignada CSV: NT4NM9VBBDT1623XB
- Anexo IV: Listado das entidades en lista de espera CSV: RUMDQZJ8ND8JE1WV
- Anexo V: Listado de prazas gratuítas das rutas adxudicadas CSV: HKNTM2MP1GZ0AZ8A
- Anexo VI: Listado de prazas gratuítas en espera das rutas adxudicadas CSV: HQ8LZQ7N4G38FGT3

#### 7.32756.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023042077)

Vista a relación de facturas con número 2023042077, que contén 13 facturas e por un importe de 23.475,30€ e con CSV: EAPBIWG4YY1ZNUC4, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 8/06/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

|  |             |
|--|-------------|
| Importe total.....                             | 21.484,57 € |
| Descontos do IRPF.....                         | 0,00 €      |
| Descontos do IVE soportado deducible.....      | 1.990,73 €  |
| Descontos do honorarios técnicos externos..... | 0,00 €      |
| Outros descontos.....                          | 0,00 €      |
| Total líquido.....                             | 23.475,30 € |

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



8.32757.- AUTORIZACIÓN DO NOVO PROXECTO MODIFICADO-2 DO CONCELLO DE AGOLADA RELATIVO AO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE FORMIGÓN”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023- ANUALIDADE 2022, LIÑA 1- (Expte.2022011589)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

En data 20/05/2022, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 4.31736, modificado o día 17/03/2023 por acordo de Xunta de Goberno 12.32449, concedeuse ao *Concello de Agolada*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención por importe de 70.000,00 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de camiños de titularidade municipal con firme de formigón*”, cun orzamento polo importe de 121.642,08 €, condicionada á resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e á autorización da Deputación de Pontevedra.

O Concello indica que se trata dunha obra por administración, sendo a subvención solicitada de 70.000,00 € destinada a financiar o subministro de formigón preciso na súa execución para as aldeas de Ramil, Outeiro de Ramil, Basadre, Val de Sangorza, Sexo e Brocos.

No mesmo acordo 12.32449 de data 17/03/2023 é autorizado un modificado do proxecto do investimento referido que non supón variación de orzamento nin no importa da subvención inicialmente concedida.

En data 05/05/2023 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2023030263, instancia do *Concello de Agolada* na que manifesta a necesidade de que sexa autorizado un novo modificado do proxecto debido a que, no momento de executar a aldea de Brocos, houbo que escarvar e anhear mais do proxectado na zona da praza do colexio para poder nivelar as pendentas coa pista de baixada, de forma que o formigón calculado e subministrado non é suficiente para executar todas as actuacións plantexadas no proxecto xa modificado anteriormente precisando deixar para outra actuación tres pistas da aldea de Brocos.

Neste contexto, o concello achega o novo proxecto modificado-2 aprobado. Este proxecto está adaptado a nova situación plantexada polo concello que non supón incremento do orzamento do subministro de 70.000,00 euros (subministro formigón), nin do orzamento total da obra de 121.642,08 euros nin tampouco se alterar o importe da subvención inicialmente concedida que importa 70.000,00 euros.

O concello solicita a súa conformidade por parte desta administración, de forma que o investimento poida ser executado nos termos establecidos polo concello.



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

### Consideracións Xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.  
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.



- Base 20ª do Plan Concellos 2022-2023 que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar o proxecto modificado que deberá ser aprobado polo Concello e pola Deputación. Non obstante, só se admitirán a trámite modificados que se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.
- Artigo 205 da LCSP, que regula as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre e cando, a modificación non altere a natureza global do contrato e a contía da mesma, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas, non exceda o 50% do prezo inicial, IVE excluído.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 31/05/2023, da Xefa do Servizo de Cooperación de data 31/05/2023 e do informe favorable da Intervención Provincial de data 07/06/2023, que conclúen favorablemente a autorización do proxecto modificado, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o novo proxecto modificado-2 aportado polo concello de Agolada en data 05/05/2023 con rexistro WEB2023030263 do investimento, executado polo sistema de administración, denominado “*Mellora de camiños de titularidade municipal con firme de formigón*” (Expte. 2022011589), do *Concello de Agolada* cun orzamento total de obra de 121.642,08 euros, sen alterar o importe da subvención inicialmente concedido de 70.000,00 € (subministro formigón), quedando condicionada igualmente á resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e á autorización da Deputación de Pontevedra.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Agolada*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



9.32758.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA MODIFICACIÓN DO LOTE 1 DO "ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE FURGONETAS SEN CONDUTOR, EN RÉXIME DE ALUGUER, PARA OS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA", ADXUDICADO Á EMPRESA EMPRESA MONFORTE, S.A.U. (A15019243). (Expte.2021049376).

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 06 de maio de 2022, acordou adxudicar os Lotes 1 e 2 do Acordo Marco para a “*Subministración de furgonetas sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” á *Empresa Monforte, S.A.U. (NIF A-15019243)*.

O obxecto do referido Acordo Marco é dispoñer de vehículos furgoneta sen condutor para desenvolver as tarefas propias dos postos de traballo do persoal dos centros e servizos da institución provincial e poder manter os servizos que desde a Deputación se prestan aos concellos da provincia.

O Acordo Marco formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e a *Empresa Monforte, S.A.U. (A-15.019.243)* o día 06 de xuño de 2022 cun prazo de duración máximo de 36 meses contados desde a data que figure no documento de formalización dos lotes e ata o 31 de decembro de 2024.

Con data de 23 de febreiro de 2023 recíbese no Servizo de Contratación Informe – Proposta dos Xefes dos Servizos Técnicos e Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais, co Vº e Prace do Deputado Delegado, no que manifestan a necesidade de 3 vehículos furgonetas mais con motivo do traslado do Parque de Maquinaria ao PI de Barro Meis.

Considerando que os vehículos inicialmente previstos no Lote 1 do acordo marco son os seguintes:

| Lote                                   | Tipo vehículo                             | Unidades | Centro xestor                      | Características específicas vehículo   | Orzamento unitario mensual (sen IVE) | Orzamento mensual flota (sen IVE) |
|--|---|----------|------------------------------------|--|--------------------------------------|-----------------------------------|
| 1                                      | Furgoneta 5 prazas                        | 12       | Infraestruturas e Vías provinciais | Sistema de xestión de flota con posicionamento GPS + Balizamento individual tipo rotativo  | 469,00€                              | 5.628,00€                         |
|  |   | 1        | Infraestruturas e Vías provinciais | Sistema de xestión de flota con posicionamento GPS + Balizamento individual tipo rotativo (AUTOMÁTICA)   | 469,00€                              | 469,00€                           |
|  |   | 2        | Infraestruturas e Vías provinciais | Sistema de xestión de flota con posicionamento GPS + Balizamento individual tipo rotativo + Barra LED traseira + Balizamento retrorreflectante | 453,00€                              | 906,00€                           |
|  | Furgoneta 5 prazas con gancho de remolque | 6        | Infraestruturas e Vías provinciais | Sistema de xestión de flota con posicionamento GPS + Balizamento individual tipo rotativo + Barra LED traseira + Balizamento retrorreflectante | 479,00€                              | 2.874,00€                         |
| ORZAMENTO MENSUAL FLOTA (sen IVE)      |   |          |                                    |  |                                      | 9.877,00€                         |
| IVE (21%)                              |   |          |                                    |  |                                      | 2.074,17€                         |
| ORZAMENTO MENSUAL FLOTA (IVE engadido) |   |          |                                    |  |                                      | 11.951,17€                        |



A valoración da modificación proposta para a subministración dos 3 vehículos furgonetas de 5 prazas solicitados polas Xefaturas do Servizo de Infraestruturas para o período comprendido entre o 15 de maio de 2023 e o 31 de decembro de 2024 de acordo cos prezos mensuais unitarios polos que foron adxudicados, é de 27.826,50 € (sen IVE).

Considerando que o importe de adxudicación do Lote 1 foi de 413.043,33 € (sen IVE), que o 20% do prezo inicial do Lote 1 previsto para modificacións é de 82.608,67 € (sen IVE) e que o orzamento da modificación que se plantexa é de 27.826,50 € (sen IVE), esta representa o 33,68% do importe dispoñible e un 6,74% sobre o prezo inicial. Deste xeito quedaría dispoñible un importe para modificacións de 54.782,17 € (sen IVE) ata o 31 de decembro de 2024.

Resultando que con data 11 de abril de 2023 o Xefe do Servizo de Contratación emite informe (CSV: 4JPDSCJKNMAQSHZS) no que conclúe que:

*“Recibida no Servizo de Contratación con data 23 de febreiro de 2023 a solicitude de 3 vehículos furgonetas de 5 prazas desde o Servizo de Infraestruturas, plantexase a necesidade de levar a cabo a modificación do Lote 1 do Acordo Marco para a “Subministración de furgonetas sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra” ao obxecto de incluír os 3 vehículos solicitados (1 furgonetas de 5 prazas + Sistema de xestión de flota con posicionamento GPS + Balizamento individual tipo rotativo e 2 furgonetas 5 prazas + Sistema de xestión de flota con posicionamento GPS + Balizamento individual tipo rotativo + Barra LED traseira + Balizamento retrorreflexante). Realizada a valoración do custo da modificación proposta para o período comprendido entre o 15 de maio de 2023 e o 31 de decembro de 2024, de acordo cos prezos mensuais unitarios polos que foi adxudicado o presente Lote, considérase que non se están alterando as condicións de licitación do mesmo xa que as normas procedimentais e de publicidade establecidas por Lei foron cumpridas, o importe da mesma non supera o 20% do prezo inicial do contrato e as condicións do contrato no se varían e permanecen inalterables.*

*A valoración da modificación proposta para a subministración dos 3 vehículos furgonetas de 5 prazas solicitados polas Xefaturas Técnica e Administrativa do Servizo de Infraestruturas para o período comprendido entre o 15 de maio de 2023 o 31 de decembro de 2024 de acordo cos prezos mensuais unitarios polos que foi adxudicado o presente Lote, é de 27.826,50 € (sen IVE).*

*Polo anteriormente exposto, o técnico que subscribe entende que se podería levar a cabo a modificación do Lote nº 1 do Acordo Marco para a “Subministración de furgonetas sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2021049376) co fin de acadar a satisfacción pretendida no obxecto do mesmo, unha vez sexan emitidos os informes correspondentes de parte da Secretaría Xeral e da Intervención”.*

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral con data 27 de abril de 2023.

Vista a dilixencia aclaratoria sobre o informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación de data 12 de maio de 2023 e con CSV: FP2LMTDDG0V9JSCU.

Visto o informe emitido pola Intervención con data 12 de maio de 2023 así como o documento RC nº 202300080111 por importe de 12.950,03 € con cargo á aplicación orzamentaria 456.4530.204.00 do vixente orzamento provincial que garante a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas económicas derivadas da modificación proposta.



Visto o documento RC FUT nº 202300080112 por importe de 20.720,04 € para a anualidade 2024, que indica que estes gastos quedan condicionados á existencia de crédito no correspondente orzamento provincial.

Visto o informe aclaratorio emitido, polo Director de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV: AH7LVA0FZAXV494M), de data 23 de maio de 2023, sobre o informe de intervención, no que se xustifica a necesidade da presente modificación.

Visto que a Intervención emite informe favorable con data 07 de xuño de 2023 (CSV: WHEKRRVSRIP6HV10), cas seguintes observacións e recomendacións:

*“No informe aclaratorio do Director de Infraestruturas e Vías provinciais, para a tramitación da modificación do Acordo Marco de “Subministración de furgonetas sen condutor, en réxime de aluguer para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra. Lote 1”, de data 23 de maio de 2023, (CSV):AH7LVA0FZAXV494M, en resposta ao informe previo da Intervención (CSV):V7FC2920CJ3BY43A, do 12 de maio, xustifícase a necesidade de levar a cabo a presente modificación para incorporar 3 furgonetas, xa que trátase dunha reposición de medios adscritos ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais que foron dados de baixa debido ó esgotamento da súa vida útil con posterioridade á tramitación do contrato marco.*

*A pesares da xustificación presentada para a modificación do Acordo Marco, reiterar que debe realizarse unha reorganización eficiente dos recursos analizándose as necesidades reais de desprazamentos dos distintos centros xestores e buscarse outras fórmulas máis eficientes (coma por exemplo: uso compartido, asignación aos servizos dun uso por horas e/ou días, segundo as necesidades de desprazamento, etc.) que permitan dispoñer do mínimo de vehículos indispensables para cubrir as necesidades dos distintos servizos sen que isto supoña un aumento considerable do gasto, non só do aluguer, se non dos demais gastos aparelados ao uso dos vehículos/furgonetas, como son os gastos de combustible, aparcamento, etc.*

*Ademais, debe terse en conta que un dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 e “O consumo e a produción sustentable” que trata de desvincular o crecemento económico da degradación medioambiental, aumentar a eficiencia dos recursos e promover estilos de vida sostibles, contribuíndo á transición ás economías verdes e con baixas emisións de carbono. Por isto a nosa actividade económica como Administración pública debe ser o mais sostible e mais respectuosa có medio ambiente posible.”*

Considerando o previsto no artigo 190 da LCSP de que dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na Lei, o órgano de contratación ostenta, entre outras, a prerrogativa de modificar os contratos administrativos por razóns de interese público.

O disposto no artigo 203 da LCSP, respecto dos contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación, que só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.



Considerando que a modificación do contrato está prevista no prego de cláusulas administrativas regulador, polo que debe estarse ao establecido no artigo 204 LCSP respecto a este tipo de modificacións.

*A cláusula 22. Modificacións do Acordo Marco e Contratos Derivados do prego de cláusulas administrativas prevese expresamente que “A modificación dos contratos tramitaranse e formalizaranse nos termos previstos no artigo 203 e seguintes, no artigo 153, e publicaranse de conformidade co artigo 63 e 207 da LCSP.*

*As causas obxectivas que poderían dar lugar á tramitación dun modificado son as seguintes:*

- *Incremento das necesidades dos servizos orixinais do acordo marco ou a inclusión de novos servizo xestores.*
- *No expediente deberá xustificarse debidamente a necesidade polo responsable do contrato ou, no seu caso, polo responsable do novo servizo xestor a engadir.*

*O prezo das unidades a subministrar a maiores será o ofertado polo adxudicatario no contrato inicial.*

*Para a estimación do valor estimado multiplicarase o número de unidades previstas para a nova necesidade polos prezos unitarios ofertados.*

*A modificación do contrato non poderá superar o 20% do prezo inicial do contrato”.*

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a competencia para autorizar e comprometer os gastos precisos para a contratación de obras, servizos e subministracións cuxo “valor estimado” supere o importe de 200.000,00€ nos contratos de obras e de 100.000,00 euros no resto dos contratos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a modificación do Lote 1 do Acordo Marco para a “*Subministración de furgonetas sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” adxudicado á *Empresa Monforte, S.A.U. (A-15.019.243)* nos seguintes termos:

- *Incluír tres vehículos furgonetas de 5 prazas (1 furgonetas de 5 prazas + Sistema de xestión de flota con posicionamento GPS + Balizamento individual tipo rotativo e 2 furgonetas 5 prazas + Sistema de xestión de flota con posicionamento GPS + Balizamento individual tipo rotativo + Barra LED traseira + Balizamento retrorreflectante) destinados ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para o período comprendido entre o 15 de maio de 2023 ata o 31 de decembro de 2024.*





O detalle e financiamento da modificación para a duración restante do Acordo Marco é a seguinte:

| LOTE     | CENTRO XESTOR                       | UNIDADES | TIPO VEHICULO      | CARACTERISTICAS ESPECIFICAS VEHICULO   | ORZAMENTO UNITARIO MENSUAL (Sen IVE) | ORZAMENTO MENSUAL FLOTA (sen IVE) | 2023 (15/05 ao 31/12)           |                    | 2024 (01/01 ao 31/12)                |                                 |                    |                                      |                    |
|----------|-------------------------------------|----------|--------------------|--|--------------------------------------|-----------------------------------|---------------------------------|--------------------|--------------------------------------|---------------------------------|--------------------|--------------------------------------|--------------------|
|          |                                     |          |                    |  |                                      |                                   | ORZAMENTO ANUAL FLOTA (sen IVE) | IVE                | ORZAMENTO ANUAL FLOTA (IVE engadido) | ORZAMENTO ANUAL FLOTA (sen IVE) | IVE                | ORZAMENTO ANUAL FLOTA (IVE engadido) |                    |
| 1ª MODIF | Infraestructuras e Vías provinciais | 1        | Furgoneta 5 prazas | Sistema de xestión de flota con posicionamneto GPS + Balizamento individual tipo rotativo  | 469,00 €                             | 469,00 €                          | 3.517,50 €                      | 738,68 €           | 4.256,18 €                           | 5.628,00 €                      | 1.181,88 €         | 6.809,88 €                           |                    |
|          |                                     | 2        |                    | Sistema de xestión de flota con posicionamneto GPS + Balizamento individual tipo rotativo + Barra LED traseira + Balizamento retrorreflectante | 479,00 €                             | 958,00 €                          | 7.185,00 €                      | 1.508,85 €         | 8.693,85 €                           | 11.496,00 €                     | 2.414,16 €         | 13.910,16 €                          |                    |
|          |                                     |          |                    |  |                                      |                                   | <b>1.427,00 €</b>               | <b>10.702,50 €</b> | <b>2.247,53 €</b>                    | <b>12.950,03 €</b>              | <b>17.124,00 €</b> | <b>3.596,04 €</b>                    | <b>20.720,04 €</b> |

O incremento económico da modificación é de 27.826,50 € (sen IVE), non supera o 20% do prezo inicial do contrato e as condicións do contrato non varían e permanecen inalterables.

Segundo.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 33.670,07 € con cargo á aplicación orzamentarias 456.4530.204.00 do correspondente orzamento provincial de acordo coa seguinte distribución:

| Anualidade           | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|----------------------|-------------------------|------------------------|
| 2023 (15/05 a 31/12) | 456.4530.204.00         | 12.950,03 €            |
| 2024 (01/01 a 31/12) |                         | 20.720,04 €            |

Os gastos que se deriven do acordo marco na anualidade 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento provincial.

10.32759.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "REFORZO DO FIRME NA E.P. 7007 COUSO-SAN MIGUEL DE BARCALA, DENDE O P.Q. 5+683 AO P.Q. 8+071 (CONCELLO DE A ESTRADA)". (Expte.2022029859)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 07/10/2022 acordou á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)", por un importe de 764.368,53€ IVE incluído. incluído e un prazo de execución de CATRO (7) MESES.

Resultando.- Que con data 02/12/2022 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 02/07/2023.



Resultando.- Que con data 10/05/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de TRES (3) MESES, debido a que as condicións climatolóxicas dos meses de decembro, xaneiro e marzo, con intensas choivas, ralentizaron os traballos de excavación desmonte e caxeo, xuntando ó efecto datos meteorolóxicos emitidos por meteogalicia, no período alegado

Resultando.- Consta no expediente informe do director de obra (CSV) 7R8OCKVZC4IV8A03, recollendo que a Dirección Facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista. Non obstante, dada a cantidade e a natureza dos traballos que restan por executar e atendendo ás condicións meteorolóxicas invernais experimentadas durante o transcurso da obra (44 días con precipitacións dun total de 83 días laborais entre o 2 de decembro de 2022 e o 31 de marzo de 2023, achéganse partes meteorolóxicos da estación de Xesteiras, no Concello de Cuntis), considérase que o tempo perdido é de dous meses polo que a prórroga que procede conceder para a ampliación do prazo de execución da obra é de DOUS (2)MESES, ata o 2 de setembro de 2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) P7223BWRS41VFA2I no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: *“...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederllo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”*

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: *“1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”*

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa TECNICA YI PROYECTOS, S.A.. o Lote 1 do *“Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)”*.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.



Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adjudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse a TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A28171288) para a adjudicación do Contrato derivado Lote 1: AM seguridade e saúde na prorroga da obra: "Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)" por un importe de 1.517,26 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización (CSV) JUO5SYEDKKNV8II4U, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2022029859, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300118280.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., unha ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, no contrato de obras "*Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)*" establecendo coma data para finalizar a obra o día 02/09/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adjudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A28171288) o Contrato derivado Lote 1: AM seguridade e saúde na prorroga da obra: "*Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)*", por un importe de 1.517,26 € de acordo co seguinte detalle:

|                     |            |
|---------------------|------------|
| Importe .....       | 1.253,93 € |
| IVE (21 %) .....    | 263,33 €   |
| Importe total ..... | 1.517,26 € |

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante os DOUS (2) MESES polos que se amplía o prazo de execución do contrato de obras "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)", con efectos dende o 02/07/2023.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023039967.



11.32760.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-2703 PAZOS-PONTEAREAS, DENDE O P.Q. 0+000 O P.Q. 11+335 (CONCELLOS DE PAZOS DE BORBÉN E PONTEAREAS)". (Expte.2023010861)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 2703 PAZOS-PONTEAREAS que percorre os termos municipais de *Pazos de Borbén e Ponteareas* pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 11.335 km.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na E.P. 2703 PAZOS-PONTEAREAS resulta necesario proceder á reparación da estrada dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 11+335, mediante o fresado da estrada, reposición do firme e sinalización, mellora da drenaxe, execución de cuneta revestida e instalación de sistemas de contención de vehículos, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)*”, cun orzamento base de licitación de 789.520,90 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) KV9NCW49NAD5V1KZ.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 789.520,90 €, con número de operación 202300047315 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/03/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)", redactado pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias, cun orzamento base de licitación de 789.520,90 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) KV9NCW49NAD5V1KZ.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe emitido polo Secretario Xeral da Deputación (CSV) LO2PXH2I2H65B38B, recollendo o seguinte: *"...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente..."*

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse informe de fiscalización do expediente (CSV) YZPZKP046X05RW09, que contén o seguinte: *"...Na cláusula 9.1 do apartado I. "Cláusulas particulares" do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente..."*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *"A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante"*.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *"Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante."*



Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliabile mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)” cun orzamento base de licitación de 789.520,90 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

|                    |              |
|--------------------|--------------|
| Importe.....       | 652.496,61 € |
| IVE (21%).....     | 137.024,29 € |
| Importe Total..... | 789.520,90 € |
2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): ZNC5XL4WGNQJC6RT, e de prescricións técnicas con código (CSV) KV9NCW49NAD5V1KZ, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 789.520,90 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



12.32761.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS "HUMANIZACIÓN DA AVDA. SARMIENTO RIVERA (EP-4006) ENTRE A AVDA. DE ROSALÍA DE CASTRO E A RÚA REDONDELA (CONCELLO DE PONTEAREAS)". (Expte.2023011815)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da E.P. 4006 Pontearreas-As Neves, e concretamente do treito urbano (avenida Sarmiento Rivera), que transcorre polo *Concello de Pontearreas*.

Resultando.- Que a E.P. 4006 é unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable situada nos *concellos de Pontearreas, Salvaterra do Miño e as Neves*. O treito urbano situado ao seu inicio, que configura a Avda Sarmiento Rivera, no Concello de Pontearreas, une a glorieta situada xunto a Casa do Concello, onde conflúen as rúas Concha Brei, Av. Galicia e Av. Rosalía de Castro coa glorieta na que conflúen as rúas Redondela e Pombas.

Resultando.- Que actualmente a Avda Sarmiento Rivera non posúe beirarrúas que garantan a accesibilidade. Por elo preténdese mellorar as condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción de beirarrúas adecuadas para configurar itinerarios peonís continuos, accesibles e seguros, ao tempo que se resta prioridade ao espazo destinado ao tráfico rodado e se implantan medidas que permitan conseguir o calmado efectivo do mesmo.

Resultando.- Que o obxecto principal do proxecto consiste na mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil accesible no treito urbano ao inicio da estrada provincial.

Resultando.- Que con data 23 de febreiro de 2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontearreas, convenio de colaboración par a execución do “*Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP-4006) entre a Avda. de Rosalía de Castro e a Rúa Redondela (Concello de Pontearreas)*”, por importe de 630.423,58€

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Pontearreas mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

|                           | ACHEGA              | %          |
|---------------------------|---------------------|------------|
| Deputación de Pontevedra  | 441.296,51 €        | 70         |
| Concello Pontearreas      | 189.127,07 €        | 30         |
| <b>TOTAL INVESTIMENTO</b> | <b>630.423,58 €</b> | <b>100</b> |

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP-4006) entre a Avda. de Rosalía de Castro e a Rúa Redondela (Concello de Pontearreas)*”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse por Santiago J. Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvopolo o proxecto de execución da obra “*Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP-4006) entre a Avda. de Rosalía de Castro e a Rúa Redondela (Concello de Pontearreas)*” cun orzamento base de licitación de 630.423,58 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) MY68PT5X7TYVQ9UH.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 630.423,58 €, con número de operación 2022063139 con cargo á aplicación orzamentaria 23/4556.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 21/04/2023 acordou aprobar proxecto de execución da obra “*Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP-4006) entre a Avda. de Rosalía de Castro e a Rúa Redondela (Concello de Pontearreas)*”, redactado por Santiago J. Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvopolo, cun orzamento base de licitación de 630.423,58 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) MY68PT5X7TYVQ9UH.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe emitido polo Secretario Xeral da Deputación (CSV) HU4HPEIT19Z1WLF4, no que se recolle o seguinte; “*...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...*”

Resultando.- Que pola Intervención foi emitido informe de fiscalización do expediente, que contén o seguinte; “*...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico*





*administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato.*”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP-4006) entre a Avda. de Rosalía de Castro e a Rúa Redondela (Concello de Pontearreas)*, cun orzamento base de licitación de 630.423,58 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

|                    |              |
|--------------------|--------------|
| Importe.....       | 521.011,22 € |
| IVE (21%).....     | 109.412,36 € |
| Importe Total..... | 630.423,58 € |

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): NJVD0KTQ26PVNC1E, e de prescricións técnicas con código (CSV) MY68PT5X7TYVQ9UH, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 630.423,58 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

13.32762.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA SUBMINISTRACIÓN DE BIOMASA COMBUSTIBLE EN FORMA DE PELLETS DE MADEIRA PARA AS CALDEIRAS DE BIOMASA INSTALADAS NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE. (Expte.2022070543)

O Centro Príncipe Felipe (en diante CPF) da Deputación de Pontevedra é unha institución de carácter educativo e social, concibida para acoller e formar a aquelas e aqueles menores en situación de risco ou exclusión social co obxectivo de mellorar o seu benestar social e favorecer a súa integración.

Os edificios e instalacións que conforman o CPF contan, entre outras instalacións, cunha central de biomasa encargada da xeración de calefacción e auga quente sanitaria para os edificios integrantes do complexo, polo que, para o seu correcto funcionamento precisa de combustible en óptimas condicións.

Nos últimos 10 anos a subministración de biomasa e combustible en forma de pellets de madeira levouse a cabo a través do contrato formalizado coa empresa Valoriza Facilities, S.A.U. para a “*Realización dunha actuación global e integrada que supoña a mellora da eficiencia enerxética e prestación de servizos enerxéticos na Cidade Infantil Príncipe Felipe*”; contrato articulado a través dun diálogo competitivo e configurado cunha vixencia de 10 anos o cal rematou o pasado 28 de febreiro de 2023.



A contratación que se pretende resulta necesaria para proveer a central de biomasa existente no CPF, encargada da xeración de calefacción e auga quente sanitaria para os edificios integrantes do complexo; do combustible necesario para o seu funcionamento en óptimas condicións. Polo que, é preciso levar a cabo unha nova contratación.

O contrato proposto ten un prazo de duración de 1 ano, coa posibilidade de una prórroga anual, e un orzamento base de licitación de 245.025,00 €. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Con data 25/04/2023, Intervención emite documento RC nº 202300087520, polo importe de 81.675,00 €; e un RC Fut1 número 202300087521, polo importe de 163.350,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 232.2312.221.03.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 25/05/2023, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaria, na documentación preparatoria do expediente, pola Xefa de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe (csv: 7ZCBR07E627I2P6L)

Tendo en conta que, con data 05/06/2023, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministro, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, trámite de urxencia, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 06/06/2023, coas seguintes observacións:  
*“Os pregos de prescricións técnicas particulares non deberían conter declaracións ou cláusulas que deban figurar no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (art. 68.3 do RXLCAP), coma, por exemplo, o lugar de entrega. Non obstante, no PCAP recóllese que, en caso de discrepancia, prevalecerá o recollido no PCAP”.*

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con o sen opción de compra, de produtos ou ben mobles, e que, en todo caso terán a consideración de contratos de subministro aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente. .

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da “*Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe.*” (Expte.: 2022070543).

O valor estimado do contrato, é de 486.000,00 €.

O orzamento base de licitación, para un ano de contrato, ascende á cantidade máxima de 245.025,00 euros, conforme ao seguinte detalle:

| Importe sen IVE | IVE (21%)  | Importe co IVE |
|-----------------|------------|----------------|
| 202.500,00€     | 42.525,00€ | 245.025,00€    |

O prezo unitario de licitación, para cada tonelada é de 450,00 €.

O prazo de duración é dun ano dende a data de formalización do contrato, coa posibilidade dunha prórroga anual.

O prazo de execución das subministración realizarase nun prazo máximo de 48 horas a partires da finalización da tramitación do pedido.

2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: CVZ5DLTAO4M46177) e de prescricións técnicas (CSV: OG7VFIKHAP9KJXAS) que rexerán como lei fundamental do contrato e que obran no expediente.

3.- Autorizar o gasto por importe de 245.025,00 € de acordo coa seguinte distribución:

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|------------|-------------------------|------------------------|
| 2023       | 232.2312.221.03         | 81.675,00€             |
| 2024       | 232.2312.221.03         | 163.350,00€            |

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.



O importe correspondente á anualidade de 2024 quedará condicionado á aprobación do respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

